

Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno para o luns, 5 de maio de 2025, ás 10.00 horas

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria de organización do 3 de agosto de 2023, durante o mandato 2023-2027 a Xunta de Goberno deberá realizar sesión ordinaria cunha periodicidade semanal.

Polo exposto, **DISPOÑO:**

Convocar a sesión **ordinaria** da Xunta de Goberno, nos seguintes termos:

**DÍA:** 5 de maio de 2025  
**HORA:** 10:00 horas en primeira convocatoria\*  
**LUGAR:** Sala de Xuntas do Pazo Provincial

\* Se na primeira convocatoria non existise o quórum necesario, segundo o disposto no número anterior, entenderase convocada a sesión automaticamente unha (1) hora despois.

A orde do día da sesión será a seguinte:

### **1. 2025/15T/XGL PRESIDENCIA**

Aprobación da acta da sesión anterior, ordinaria, do día 28 de abril de 2025.

### **2. 2025/13965T PRESIDENCIA**

Aprobar as Bases reguladoras e a convocatoria de concesión de bonificacións a entidades polo uso das instalación do Pazo dos Deportes “Paco Paz”, durante a tempada 2024-2025.

### **3. 2024/15693F PRESIDENCIA**

Subvención a favor do Concello da Arnoia, para “Expropiación pagos parque empresarial”.

#### **4. 2024/15730K PRESIDENCIA**

Subvención a favor do Concello da Bola para continuidade na rede de saneamento en San Pedro.

#### **5. 2024/15882N PRESIDENCIA**

Subvención a favor do Concello do Pereiro de Aguiar para melloras pavillón polideportivo municipal.

#### **6. 2024/15966G PRESIDENCIA**

Subvención a favor do Concello de Viana de Bolo para acondicionamento camiño en Pinza.

#### **7. 2024/15984E PRESIDENCIA**

Subvención a favor do Concello de Vilar de Santos para reparación de viarios municipais.

#### **8. 2024/16083Y PRESIDENCIA**

Subvención a favor da entidade Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer de Ourense, (AFAOR), para “ampliación instalacións actuais”.

#### **9. 2024/16093Q PRESIDENCIA**

Subvención a favor da entidade Clube Sendeiristas de Monterrei, para proxecto de peche de parcela.

#### **10. 2025/11933S PRESIDENCIA**

Ratificar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Taboadela para a reforma da Casa Reitoral para Casa Cultura.

#### **11. ASUNTOS DE URXENCIA.**

**12. COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

**13. ROGOS E PREGUNTAS.**

Así o dispón e o asina o Sr. presidente, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica desde documento. Dou fe.